

O PSdeG, "satisfeito" despois de que a Xunta "faga xustiza" co Daviña Rey, pide "sentido común" co resto de centros

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

O deputado socialista Vicente Docasar, ex director do centro, destaca a "lección de forza e orgullo polo seu instituto" que deron os profesores e alumnos do Daviña, "e que foi determinante para que o Goberno galego recapacitase"

Docasar, que mantivo conversas co conselleiro de Educación ata onte para manter a actual oferta educativa do centro, espera que "a vía de diálogo con el siga aberta para falar do resto de IES da provincia e de Galicia" porque "non se pode actuar por decreto, sen un plan consensuado e sen respecto pola comunidade escolar"

O deputado socialista Vicente Docasar, ex director do IES Daviña Rey de Monforte, amósase "satisfeito" despois de que a Xunta "faga xustiza" tras recuar coa eliminación de ESO e Bacharelato no centro, que anunciara por sorpresa e sen contar coa comunidade educativa nin coa opinión do resto de grupos parlamentarios. Docasar, que onte estivo cos profesores, alumnos e familiares xunto coa deputada Concepción Burgo, recibiu a noticia a través da dirección do Daviña. O socialista destaca a "lección de forza e orgullo polo seu instituto" que deron e que "foi determinante para que o Goberno galego recapacitase".

O monfortino, que ata onte mantivo conversas co conselleiro de Educación para manter a actual oferta educativa do centro, lembra que hai máis no resto da provincia e en Galicia na mesma situación, "que a día de hoxe non saben que vai ser do seu futuro" e pide "sentido común". Por iso, espera que "a vía de diálogo" con Jesús Vázquez "siga aberta para falar do resto de IES" de Galicia e da provincia, como o de As Mercedes de Lugo, o Val do Asma de Chantada, o Lois Peña de Vilalba ou o Gregorio Fernández de Sarria. O voceiro de Educación socialista no Parlamento está aberto a propoñer solucións e dar o seu punto de vista para calquer estruturación dos centros e, insiste, "non se pode actuar por decreto, sen un plan consensuado e sen respecto pola comunidade escolar", que "é a que sofre as consecuencias de traslados e cambios de xeito precipitado e fulminante, sen que ningún conte con eles".

Lugo, 27 de marzo de 2013